

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión EXTRAORDINARIA  
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 11 de xaneiro de 2008**

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA EXTRAORDINARIA que se celebrará o venres, día 11 de xaneiro de 2008, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **Economía, Facenda e Especial de Contas**

1.-Aprobación definitiva de: “Anulación de obrigas recoñecidas e pagamentos ordenados de exercicios pechados, por prescripción e outras causas”.

2.-Proposta de resolución da reclamación presentada durante o período de exposición pública do acordo inicial de aprobación do Orzamento Xeral para o exercicio 2008 e a aprobación definitiva del.

### **Persoal e Réxime Interior**

3.-Desestimación das alegacións formuladas contra o cadro de persoal e a Relación de Postos de traballo 2008 e a súa aprobación definitiva.

4.-Modificación Plan de Emprego (2006-2009).

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL

### DA CORUÑA

#### SESIÓN EXTRAORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 11 DE XANEIRO DE 2008

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 11 de xaneiro de 2008, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar sesión extraordinaria .

#### CONCURRENTES

#### PRESIDE O ILMO. SR.:

DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA PSOE

#### ASISTEN LOS SRES. DIPUTADOS SIGUIENTES:

DON ALFONSO BALSEIRO GÓMEZ	PP
DONA CARMEN FELICIDAD BORBUJO MARTÍNEZ	PP
DON XOÁN MANUEL CABO PÉREZ	BNG
DON PABLO COBIÁN FERNÁNDEZ DE LA PUENTE	PP
DONA MARÍA PILAR FARJAS ABADÍA	PP
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON ADOLFO GACIO VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GOROSTIZU	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON RICARDO GARCÍA-BORREGÓN MILLÁN	PP
DONA CARIDAD GONZÁLEZ CERVIÑO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
DONA ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ	BNG
DON PEDRO PIÑEIRO HERMIDA	PSOE
DON BERNARDINO H. RAMA SEOANE	PSOE
DON JOSÉ MANUEL REY VARELA	PP
DON XOÁN MANUEL SANDE MUÑIZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL SANTOS MANEIRO	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG

DONA MARÍA DEL PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESÚS VEIGA SABÍN	PP
DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ	PSOE
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Non asiste a Sra. Vázquez Mejuto.

Actúa como secretaria, dona M<sup>a</sup> Amparo C. Taboada Gil, oficial maior da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e sete minutos, a Sra. Secretaria accidental procede á lectura da resolución nº 8 de 8 de xaneiro de 2008, pola que se convoca sesión extraordinaria con indicación dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

**1.-APROBACIÓN DEFINITIVA DE: “ANULACIÓN DE OBRIGAS RECOÑECIDAS E PAGAMENTOS ORDENADOS DE EJERCICIOS PECHADOS, POR PRESCRICIÓN E OUTRAS CAUSAS”.**

#### INTERVENCIONES

Sr. Gacio Vázquez

Moitas grazas, Sr. Presidente. O Grupo Popular vai dar o seu voto afirmativo a este punto número un de aprobación definitiva e anulación das obrigas recoñecidas.

#### ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

”1º.- Aprobar definitivamente a “*Anulación de obrigas recoñecidas e pagamentos ordenados de exercicios pechados por prescripción e outras causas*” unha vez cumpridos os trámites dispostos no artigo 212 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, sen que se presentaran reparos ou observacións ao devandito expediente durante o período de exposición pública.

2º.- Declarar a prescripción das obrigas recoñecidas pendentes de aboamento e os pagamentos ordenados pendentes de dar caixa, e anular por outras causas, os importes que se relacionan na listaxe seguinte:

<b>LISTAXE ANULACIÓN OBRIGAS RECONOCIDAS E PAGAMENTOS ORDENADOS EJERCICIOS PECHADOS</b>			
<b>PARTIDA</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>OBRI. RECO</b>	<b>PAGOS ORD.</b>
		<b>IMPORTE</b>	<b>IMPORTE</b>
<b>MOTIVO ANULACION POR "PRESCRICIÓN"</b>			
1985/0403/412A/62208	INSTAL.SERV.INCEND.HOSPITAL PROVINCIAL	52.846,95	

<b>LISTAXE ANULACIÓN OBRIGAS RECOÑECIDAS E PAGAMENTOS ORDENADOS EXERCICIOS PECHADOS</b>			
<b>PARTIDA</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>OBRI. RECO</b>	<b>PAGOS ORD.</b>
		<b>IMPORTE</b>	<b>IMPORTE</b>
<b>MOTIVO ANULACION POR "PRESCRICIÓN"</b>			
1995/0104/111D/78999	COM.VEC.BUCELEIRAS-SUBV94. ACOND.ASFDO PISTA	1.923,24	
	COM.VEC.CARBALLO-SUBV94. ASFDO PEDRA GRANDE	2.704,55	
	AAVV.ALTO DO CRUCEIRO-SUBV94. CAMIÑO RANAS	3.726,28	
	AAVV.PIÑEIRO-SUBV94.PAVIM.ASFDO CMÑO DO XASTRE	841,42	
	AGRUP.VEC.CORNIDO-SUBV/94.ACOND.CMÑO CORNIDO	2.404,05	
	COM.VEC.PEDRALTA-SUBV/94.ASFDO.CMÑO PEDRALTA	1.202,02	
	AAVV.PIÑEIRO-SUBV94.PAV.ASFDO CMÑO AGRO NOVO	901,52	
	CCVV.PINOR-AGRON-SUBV94 AMPLIAC. ABAST.AUGA	2.404,05	
1995/0305/711G/47001	CONF.S.ESTEBAN COBAS.SUBV94.CURSO CONFECCION.		2.704,55
1996/0104/111D/78999	AAVV.ALTO DO CRUCEIRO-SUBV95.CMÑO SANGRIÑEIRA	3.005,06	
	AAVV.ALTO DE CRUCEIRO. SUBV95.CMÑO REAL II FASE	5.409,11	
	CCVV.BIDUIDO DE ABAIXO.SUBV95.ACON CMÑO VECIÑAL	2.404,05	
	AAVV LENAREDO DAS 3 ALDEAS SUBV95 DEPOS AUGA	2.404,05	
1997/0305/445A/46200	CONC.FERROL 50%CAMPAÑA CONTRA INCEN.FORES.97	4.056,83	
1998/0601/451H/22699	PRATS CAÑETE D.L. TORRES.HONORARIOS PARTIC.		1.202,02
1999/0305/611G/22706	SANCHEZ PEREZ,I ACCESIT CONC.DESEÑO E.AREAS OCIO		300,51
2000/0601/451H/22699	TEATRES PRODUCC.SC.1 ACTUACION CATRABUCHA		788,83
2000/0601/451H/48999	ASOC.R.C.D.AMODINO SUBV99 RUTAS TURIST.CULTURAL		601,01
2001/0202/121Z/22699	POLLAN TOME F. COM.TEC.SUM 2 VEHIC AD.CRUZVERMELLA	:	150,25
2001/0202/611E/20200	LOPEZ PIMENTEL OM NOV01 ALQ,OFIC REC. ORTIGUEIRA	847,94	
2001/0601/451H/22699	GALPUBLIC.ACTIV.XIII PREMIO TORRENTE BALLESTER		230,07
	GALPUBLIC.PTA.ESCENA OBRA GANAD.X RAF.DIESTE		167,32
2001/0601/451H/22706	VARELA FDEZ,J.L. HONOR.DIRECC.SEG E REC. CANTERA	111,01	
2001/0601/451H/76299	CONC.VALDOVIÑO SUBV99 INFR.E EQUIP. CULTURAL	1.910,49	
2001/0601/452C/78999	ASOC.C.R.W.SEQUEIRO SUBV00 ARREG.PISTA POLIDEP.	266,85	
2002/0401/511A/22109	MARTINEZ QUINTEIRO,JR. SUM.FLEXOMETRO VIAS E OBR		10,52
2002/0601/451H/22699	SENDON TRILLO M. HON. PARTIC. V PREM. L.KSADO		150,00
2002/0601/451H/78999	PARR.STIAGO SISAMO SUBV01 REST.CAPELA STA.ANA	1,00	
2002/0604/422E/22699	INDICE MULT SA SUM ESCOLA MUSICA DANZA E INTERP		1.153,55
2002/0701/313K/46200	CONC. FISTERRA 1 PRAZO ACHEGA PROV PIF SERV S. MUN	0,02	
<b>TOTAIS ANULACION POR PRESCRICION</b>		<b>89.370,49</b>	<b>7.458,63</b>
<b>MOTIVO ANULACIÓN "OUTRAS CAUSAS"</b>			
2004/0201/121A/22603	MORA FERREIRO CS COPIA ESCRIT 1116/73 IMP.RESTANTE		4,19
2004/0202/721B/22100	UNION FENOSA CONTABILIZ.ERRONEA REPOSIC.CREDITO	9.534,34	
2005/0403/431A/21300	VIZCAINO GUILLIN,, XUSTIF.GASTOS.ERROR CONTABILIZ	19,85	
<b>TOTAL ANULACIÓN POR OUTRAS CAUSAS</b>		<b>9.554,19</b>	<b>4,19</b>

## **2.-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA RECLAMACIÓN PRESENTADA DURANTE O PERÍODO DE EXPOSICIÓN PÚBLICA DO ACORDO INICIAL DE APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO 2008 E A SÚA APROBACIÓN DEFINITIVA.**

### INTERVENCIONS

Sr. Lagares Pérez

Grazas Sr. Presidente, Sras. e Sres. deputados, bos días. O 30 do pasado mes de novembro sometimos a aprobación inicial o Orzamento do exercicio de 2008 e de acordo co procedemento e coa normativa someteuse a exposición pública durante quince días hábiles. No mesmo houbo unha reclamación formulada por 11 Xefes de Servizo da institución onde fan unhas apreciacións que consideramos que non se adaptan, que non forman parte dos aspectos, dos tres aspectos, que poden ser a reclamación dos Orzamentos.

Tal e como dispón o artigo 170.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais e o artigo 22.2 do Real Decreto 500/1990, só poderanse establecer reclamacións en tres supostos recoñecidos por todos pero que vou citar. O primeiro suposto é por non terse axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos pola Lei, en segundo lugar por omitir crédito necesario para o cumprimento das obrigas, e en terceiro lugar por ser insuficientes os ingresos con relación aos gastos. Ningún destes supostos dáse nin se toma en consideración, nin se fundamentan na citada alegación. Polo tanto, entendemos, a partir do equipo de goberno que o recurso non debe de ser presentado ao Orzamento en si, senón ao cadro de persoal ou á RPT, é dicir, á Relación de Postos de Traballo.

Existe un mesmo caso no ano 2006 na aprobación do Orzamento 2006, e desa forma tanto a Intervención como o Asesor Xurídico din que a reclamación non debe de ir guiada para reclamación presupostaria, senón ao sentido que antes formulaba eu do cadro de persoal ou ben da Relación de Postos de Traballo. E na realidade, segundo consta nos informes, é que falan de postos de traballo diferentes, con distintas funcións e, polo tanto, con distintas retribucións.

Hai un estudo minucioso, relativo á reclamación que tamén fan os Xefes de Servizo, con respecto á RPT, e hai unha proposta da Presidencia, que eu pido que conste...

Sr. Presidente

Perdón, estamos agrupando todos os puntos neste debate, vexo que o Sr. deputado vai entrar no tema da RPT, que é outro punto, a Presidencia non ten inconveniente, porque é o mesmo tema, que se agrupen no mesmo debate e se voten

separadamente, senón hai problema por parte de ningún grupo. Entón, Sr. Lagares, pode continuar, e entendemos que agrupamos todos os puntos nun debate.

#### Sr. Lagares Pérez

Grazas, Sr. Presidente, grazas por aclarar a metodoloxía do Pleno. Decía que na alegación que se fai á RPT, á parte dos informes que aparecen claramente de intervención de recursos humanos, aparece unha proposta da Presidencia. Nesta proposta da Presidencia faise un estudo minucioso, un estudo comparativo, tanto a nivel interno, como con relación a outros postos da Xunta de Galicia, concretamente aos postos de Secretario Xeral, Director Xeral, Subdirector Xeral, Xefe de Servizo, e aí vemos que as diferencias salariais son moi parellas. Non vou facer unha lectura desta proposta da Presidencia, pero si pediríalle á Secretaria que a faga constar literalmente en acta porque pode ser moi clarificadora do exposto aquí pola miña persoa. Neste estudo comparativo, cada un, evidentemente, pode sacar as conclusións que estime pertinentes, as conclusións que estime oportunas. Polo tanto, e como proposta de acordo, propoñemos ao Pleno desta institución provincial, o equipo de goberno propón, primeiro: Rexeitar a reclamación presentada polo Xefes de Servizo aos Orzamentos do exercicio 2008; segundo lugar, aprobar definitivamente o Orzamento para a institución provincial 2008 e as súas bases de execución, por unha contía de 197.250.000 euros, o que supón un incremento do 10,06% e algo máis de 18 millóns de euros; a súa publicación, a súa inserción no boletín Oficial da Provincia, e dar traslado á Administración do Estado e á Administración Económica, tal e como reflíctese na lexislación en vigor.

Nada máis e moitas grazas.

#### Sr. Gacio Vázquez

Sras. e Sres. deputados, Sr. Presidente, a verdade é que vostede nos acaba de cambiar o guión, porque nós viñamos preparados, tal como di a orde do día no punto número 2 e o punto número 3, que conste que entendemos que están ligados totalmente e tiñamos preparada unha intervención, pero vai intervir agora o Sr. García Gorostizu, quero aproveitar tamén esta intervención para escusar á deputada Angeles Vázquez Mejuto, que non está connosco por problemas de saúde.

#### Sr. García Gorostizu

Bos días, grazas, Sr. Presidente, Sras. e Sres. deputados, ao fío da propia incorporación dunha intervención do voceiro, Sr. Lagares, e sabendo que vou estar defendendo a nosa posición nestes dous puntos obxecto de votación posterior separadamente, estábanme vindo á cabeza, a medida que sabía que nesta intervención ía xustificar a nosa postura, unha frase que sempre me guiou en intervencións cando defendes intereses públicos, “pon ás túas palabras o selo do silencio, e ás do silencio as da oportunidade”. E claro, a cuestión é se unha intervención enxundiosa, neste punto e



no outro, resultan hoxe oportunas. E eu, sinceramente, creo que o fondo é unha decisión de goberno adoptada no momento oportuno, eu non estaba aquí e non teño memoria histórica, pero si os meus compañeiros de grupo, por un goberno do Partido Popular, é unha decisión política no momento oportuno, o fondo do asunto. Dous, eu non teño dúbidas dos informes xurídicos, dos informes da Intervención Xeral e da propia liña xurisprudencial de coincidir co Sr. Lagares en canto que as causas que aparecen na Lei Reguladora das Facendas Locais non permiten entender esta alegación, alegación, que non acreditación, como unha das causas da súa impugnación, e polo tanto, neste primeiro punto, unido a que nos mesmos informes da Intervención Xeral e nas mesmas propostas, catro, o substancial deste punto dous da orde do día, é a aprobación definitiva do Orzamento no que o noso grupo se abstivo na súa aprobación inicial, non cabe dúbida que non resulta oportuno introducir máis elementos que xustificar en coherencia a propia abstención do noso grupo. Pero claro, eu si lle tiña que facer ao Sr. Presidente unha petición ou unha dobre petición, que isto si pode gardar relación directa co seguinte punto, aquel ao que se deriva o punto 2 da proposta da que nos imos abster, de que a Comisión de Persoal e Réxime Interior estime ou desestime, ou proceda a valorar estas alegacións.

E eu, Sr. Presidente, na súa proposta de resolución, na páxina terceira, é moi importante o que se di e a min gustoume lelo, porque é un argumento sobre o que hai que reflexionar. Di, “Sobre a base normativa”, -os antecedentes que se dixo para desestimálo como causa que permite lexitimar a impugnación-, “o citado Plano de Emprego 2006-2009 incorpora a Relación de Postos de Traballo do persoal funcionario 2006 na que se contén a contía do complemento específico de todos os postos de traballo de xefaturas de servizo en idénticas condicións ás establecidas para o exercicio 2008, coas actualizacións anuais oportunas, sen que teña habido cambio e modificación algunha nas contías asignadas e nas condicións obxectivas dos postos de traballo comentados.” Leo isto porque, sendo as situacións idénticas, o comportamento duns Xefes de Servizo foi distinto, e ben é certo que a realidade na súa estrutura é dinámica, habería que facer unha reflexión, de porqué sendo as situacións as mesmas, a posición de funcionarios de recoñecido prestixio foi a que é. E claro, nesa reflexión, Sr. Presidente, nós compartimos co Grupo Socialista e co Grupo do Bloque a intransixencia en que non son de aplicación as normas reguladoras de réxime local para aceptalo como impugnación do Orzamento, pero sabemos que ser intransixente niso e sustanciarlo na Comisión de Persoal, non obsta para que haxa un espírito tolerante e unha capacidade de diálogo que poida decatarse de que é necesario levar a cabo unha valoración dos postos de traballo. Nós pedímoslle como grupo que neste ano 2008 moitas das situacións que poden producirse nun futuro non se produciran se, collendo moitos dos principios que xa figuran no Plano de Emprego vixente, lévese para determinar o complemento específico a súa obxectividade a través dunha valoración dos postos de traballo, que sexa axeitada ás circunstancias actuais, que existe unha convicción xeral dentro da Administración desta casa e que é unha necesidade obxectiva e que, con relación á produtividade, lévese a cabo a avaliación do desempeño.

Pero, repito, Sr. Presidente, e remato, cremos que está xustificada a nosa abstención nos dous puntos e que si hai unha convicción do noso grupo de que é necesario avanzar nas liñas que aparecen no Plano de Emprego para levar a cabo ao longo de 2008 unha valoración dos postos de traballo onde, evidentemente, se poida obxectivar o que non ofrece ningunha dúbida, nin para vostedes, nin para nós, a magnífica profesionalidade de todos os funcionarios desta casa e evitar situacións que eles mesmos poden sentir que non son obxectivas, cando tal vez si o son, pero bótase en falta, e isto si transmitímolos con respecto, levar a cabo esta valoración de postos de traballo. Moitas grazas, Sr. Presidente.

### **Sra. Vázquez Veras**

Grazas, Sr. Presidente, o Grupo Provincial do BNG non tiña intención de intervir neste punto, porque evidentemente, como ben comentou o Sr. Lagares, é unha decisión tomada polo goberno desta Deputación desestimar as alegacións presentadas por un número equis de funcionarios da Deputación, concretamente Xefes de Servizo desta casa, porque pensamos, como ben vén na proposta de acordo que, evidentemente, este non é o acto onde se podería entrar a valorar. O que si nos parece é que está recollido no Plano de Emprego vixente ata o ano 2009, onde como ben comentaba o Sr. Gorostizu, recóllense unha serie de condicións non de complementos, pero si de condicións que fan que cada posto de traballo poida ser senlleira e ter unha valoración distinta, co cal realmente vai no espírito contrario do que é a reclamación que se presenta, que é equiparar á alza sen máis, e hai un instrumento dentro do Plano de Emprego, que é a Comisión de Valoración de Postos de traballo que eu penso que realmente está na intención, e polo tanto, entrarase naquilo, de procurar valorar todos os postos de traballo da Deputación para que se equiparen o que son as funcións específicas de cada posto cos complementos salariais que sexan precisos. Polo tanto, eu penso que está no espírito do goberno desta Deputación entrar nesa valoración e, en todo caso, xa falaremos noutras circunstancias.

### **Sr. Presidente**

Grazas, Sra. Vázquez, en calquera caso, todo está moi ben, pero as valoracións eu creo que están feitas, o que pasa é que se igualaron todas, e á alza non se fan, e baixalas vai ser complicado.

Eu entendo que a política laboral desta Deputación é unha política salarial, unha política que non pode haber queixa, e entendo que neste caso os Xefes de Servizo non teñen motivo para queixarse, porque o equiparable a un Xefe de Servizo da Deputación podería ser un Xefe de Servizo da Xunta de Galicia, e un Xefe de Servizo da Xunta de Galicia cobra 46.000 euros, e un Xefe de Servizo da Deputación da Coruña cobra 55.000 euros, cobra 5.000 euros menos un Xefe de Servizo que un Secretario Xeral dunha Consellería da Xunta, que é o número dous dunha Consellería, e cobra 5.000 euros menos anuais, en termos brutos, que un Director Xeral da Xunta de Galicia. Creo que falar de facer valoracións para subir a cantidade, a retribución anual, creo que

levaríanos a dispararnos nos salarios desta Deputación e provocaríamos un problema que os Xefes de Sección tamén queren, queren os Xefes de Negociado, e montaríamos un follón tremendo. Entón, eu creo que o Plano de Emprego se está desenvolvendo, imos a desenvolvelo, pero quero deixar tamén clara cal é a miña posición, podemos valorar todo e certamente non son equiparables os Xefes de Servizo, porque o Xefe de Servizo de seguridade e hixiene no traballo non ten nada que ver en volume de traballo, responsabilidade ou o que sexa, que o Xefe de Servizo de Planos, pero están equiparados, claro, se empezamos a facer valoracións, haberá que baixar ou haberá que subir, subir é equiparar a un Xefe de Servizo cun Director Xeral da Xunta, creo que o nivel de responsabilidade non é o mesmo, nin o nivel de responsabilidade, nin o nivel de dedicación, nin nada, porque un Xefe de Servizo é un home que cesas, un Xefe de Servizo é difícil de cesar. Entón creo que, non sei se me equivoquei ou non agrupando o debate, porque o tema é o mesmo, é unha reclamación ao Orzamento e unha reclamación á RPT, no Orzamento teñen lexítimo dereito a presentar esa reclamación pero é unha causa que non está contemplada na Lei, polo tanto, é dicir que non, no tema da RPT si temos que dar unha resposta argumentada, e creo que tanto na resolución que imos votar argumentase, como na proposta de Presidencia se argumenta con máis fundamento xurídico e máis contundencia, por iso Lagares dicía que en vez de ler a proposta da Presidencia, di que se incorpore a acta polo que poida pasar no futuro.

### VOTACIÓN

Votan a favor: 18 deputados (12 do PSOE e 6 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 12 deputados (PP)

### ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión

”Despois do estudo da alegación presentada durante o período de exposición pública do acordo inicial de aprobación do Orzamento Xeral para o exercicio 2008 e vista a proposta da Presidencia, esta Comisión adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Non admitir a reclamación presentada verbo da aprobación inicial do orzamento provincial, por non estar comprendida en ningún dos supostos regulados no artigo 170.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL) e no artigo 22.2 do Real decreto 500/1990, que desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei reguladora das facendas locais.

**Segundo.-** Determinar que a reclamación presentada sexa obxecto de trámite e resolución con motivo da tramitación do cadro de persoal e da relación de postos de traballo para o exercicio 2008 no seo da Comisión informativa de Persoal e Réxime Interior.

**Terceiro.-** Aprobar definitivamente o orzamento provincial para o exercicio de 2008 e as Bases de execución.

**Cuarto.-** Publicar o resumo por capítulos do dito orzamento provincial, consonte ao disposto no artigo 169.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais. Asemade, simultaneamente, deberásele remitir copia deste á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma de Galicia.

De conformidade co establecido no artigo 171 do TRLRFL “*contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas da dita xurisdición*”.

### **3.-DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS FORMULADAS CONTRA O CADRO DE PERSOAL E A RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO 2008 E APROBACIÓN DEFINITIVA DELES.**

A petición do voceiro do grupo socialista incorpórase á acta a transcripción literal da

#### **PROPOSTA DA PRESIDENCIA**

**Asunto:** Alegación formulada contra o Cadro de Persoal e a Relación de Postos de Traballo 2008, aprobados inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o 30/11/2007

Visto o escrito con data do 04/12/2007 (registro de entrada 76085, do 12/12/2007), presentado por D. Vicente Berrocal Bertol, 51.695.484 V, e outros xefes de servizo desta Deputación, contra a aprobación inicial do Cadro de Persoal e da Relación de Postos de Traballo 2008, aprobados con tal carácter polo Pleno da Corporación do 30/11/2007 e visto o informe do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos con data do 20 de decembro de 2007, deben efectuarse as consideracións xurídicas e prácticas que a seguir se expoñen:

**Primeiro.-** O artigo 23.3 da Lei 30/84, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública enumera os conceptos retributivos de carácter complementario. Entre eles está o complemento específico destinado, como di a Lei “*a retribuír as condicións particulares dalgúns postos de traballo en atención a súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, perigosidade ou penosidade...*”. De igual maneira, a letra b) do artigo 24 do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), aínda en situación de “vacatio legis”, e pendente de desenvolvemento normativo na lei de función pública autonómica (Disposición Derradeira Cuarta) establece que “*a contía e estrutura das retribucións complementarias dos funcionarios*

*estableceranse polas correspondentes leis de cada Administración pública atendendo, entre outros, aos seguintes factores: a especial dificultade técnica, responsabilidade, dedicación, incompatibilidade esixible para o desempeño de determinados postos de traballo ou as condicións en que se desenvolve o traballo.” O artigo 74 deste mesmo texto legal refírese á “ordenación dos postos de traballo” e indica que “As Administracións públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, polo menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, se é o caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Os devanditos instrumentos serán públicos.”*

Esta previsión legal desenvólvese para a Administración local no artigo 4 do R. D. 861/1986, de 25 de abril, que establece o seguinte réxime do complemento específico de cada posto de traballo:

- "1. O complemento específico está destinado a retribuír as condicións particulares dalgúns postos de traballo en atención á súa especial dificultade técnica, dedicación, incompatibilidades, responsabilidade, perigosidade ou penosidade. En ningún caso poderá asignarse máis dun complemento específico a máis dun posto de traballo, aínda que ao fixalo poderán tomarse en consideración conxuntamente dúas ou máis das condicións particulares mencionadas que poidan concorrer nun posto de traballo.*
- 2. O establecemento ou modificación do complemento específico esixirá, con carácter previo, que pola Corporación se efectúe unha valoración do posto de traballo atendendo ás circunstancias expresadas no número 1 deste artigo.*
- 3. Efectuada a valoración, o Pleno da Corporación, ao aprobar a relación de postos de traballo, determinará aqueles aos que corresponde un complemento específico, sinalando a súa respectiva contía.*
- 4. A cantidade global destinada á asignación de complementos específicos figurará no orzamento e non poderá exceder o límite máximo expresado no artigo 7.2 a) desta norma".*

Ao respecto hai que significar que non se incorpora no cadro e relación de postos de Traballo para 2008 ningunha modificación obxectiva do contido, funcións, tarefas e cometidos de ningún posto de traballo de xefe de Servizo desta deputación.

É polo tanto o contido do posto de traballo o que determina o complemento específico e a súa determinación é unha actuación regrada e non discrecional (como nos lembra o fundamento terceiro da Sentenza do Tribunal Supremo do 1 de xullo de 1994, ar. 1994, 6239), baseada na valoración individual de cada posto de traballo, atendendo a factores obxectivos que concorran no mesmo de dificultade técnica, responsabilidade, dedicación, incompatibilidade, perigosidade ou penosidade.

A xurisprudencia é unánime e constante, como ben se indica no informe do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos arriba indicado, (STSXG nº 806/1996, do 29/11/1996 en recurso extraordinario de revisión), no que se refírese a que a mera

equiparación de postos de traballo é inatendible aínda que se trate do mesmo grupo de titulación, se os postos son en efecto diferentes en función de circunstancias e titulacións diferentes, así como nas funcións, dedicación, responsabilidade que motivan, precisamente, a diferenciación das retribucións complementarias, complemento de destino e específico de cada posto.

**Segundo.-** O Plan de emprego aprobado pola Deputación Provincial da Coruña para o período 2006-2009 dedica o seu título III á Relación de Postos de Traballo e o punto 3 deste refírese ao complemento específico nos seguintes termos:

*“3.- O complemento específico, incrementase dentro dos límites fixados no artigo 7 do Real decreto 861/86, do 25 de abril, co complemento de produtividade base de cada posto de traballo, fixado no seu día como consecuencia da adecuación do réxime de retribucións do persoal ao citado Real decreto 861/86.*

*A contía asígnase a cada posto de traballo en atención á súa especial dedicación dificultade técnica, incompatibilidade, responsabilidade, perigosidade ou penosidade.*

*O factor de “especial dedicación” afectará a aqueles postos expresamente singularizados polo Pleno na relación de postos de traballo, por considerar que han de exercer a súa actividade cunha dedicación superior á normal, dispoñibilidade que imposibilita aos ocupantes dos mencionados destinos para o desenvolvemento doutro posto de traballo no sector público ou privado.*

*Os postos de traballo do Corpo de habilitación nacional, xefaturas de Servizo e condutores do Parque Móbil, incorporan no seu específico o factor de “especial dedicación”.*

*O factor “especial dedicación” no posto de traballo comporta necesariamente:*

*a) Imposibilidade de exercer calquera actividade pola cal se perciba retribución, tanto no sector público, como no privado, susceptible de ser declarada compatible ou incompatible ao abeiro da lexislación vixente en cada momento.*

*b) Realización dunha xornada laboral de 40 horas semanais.*

*c) Libre dispoñibilidade.*

*A contía do factor de especial dedicación será do 30% das retribucións totais correspondentes ao posto de traballo.*

*Nos postos de traballo nocturno, o complemento específico leva incorporado o factor “nocturnidade” cuxa contía será o 17% do total das retribucións dos postos análogos de xornada diúrna.*

*O factor específico por “quebrando de moeda” afecta a aqueles postos nos que existe unha especial responsabilidade en prestar o servizo de caixa e asumir as perdas que se poidan experimentar nos ingresos e pagamentos. A contía do factor “quebrando de moeda” é de 812,20 euros anuais.*

*O factor específico por “dispoñibilidade inmediata” para se incorporar ao seu posto de traballo por razón dunha urxente necesidade aparecerá recollido no complemento específico, nunha contía determinada por cada xornada asignada como de posíbel dispoñibilidade, que se determinará a través da correspondente relación de postos de traballo. A percepción deste concepto será incompatíbel co aboamento de horas extraordinarias.*

*Aos traballadores que con carácter xeral prestan servizos os domingos e festivos incorpóraselles o factor específico “de festivo”.*

*O persoal docente percibirá o complemento específico e o de cargos directivos que perciban os funcionarios docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.*

*O persoal que traballe a quendas percibirá o factor específico “a quendas” na contía que se negocie coa representación sindical para cada posto de traballo.*

Sobre esta base normativa o citado Plan de emprego 2006-2009 incorpora, a continuación, a Relación de Postos de Traballo do persoal funcionario do exercicio 2006 na que se contén a contía do complemento específico de todos os postos de traballo de xefaturas de servizos en idénticas condicións ás establecidas para o exercicio 2008, coas actualizacións anuais oportunas, sen que teña habido cambio e modificación ningunha nas contías asignadas e nas condicións obxectivas dos postos de traballo comentados.

**Terceiro.-** A reclamación fundaméntase nun suposto incumprimento dos principios de igualdade e proporcionalidade na cuantificación do complemento específico, polo que solicitan se lles fixes unha contía anual de 36.557,12 euros.

Polo que se refire ao principio de igualdade hai que significar que o mesmo foi obxecto de múltiples pronunciamentos do Tribunal Constitucional, do Tribunal Supremo e do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, e quedou consolidado o criterio de que toda desigualdade non constitúe necesariamente unha discriminación: *“a igualdade é só violada se a desigualdade está desprovista dunha xustificación obxectiva e razoable, e a existencia da devandita xustificación debe apreciarse en relación á finalidade e efectos da medida considerada, debendo darse unha relación razoable de proporcionalidade entre os medios empregados e a finalidade perseguida”*. (STC 22/81, do 2 de xullo).

Neste sentido debe lembrarse que a asignación e cuantificación do complemento específico debe referirse a cada posto de traballo atendendo ás circunstancias obxectivas que concorran no mesmo: dificultade técnica, responsabilidade, dedicación, perigosidade ou penosidade. E como ten declarado o Tribunal Constitucional en sentenzas do 18 de outubro de 1993 e 29 de outubro de 1996 non todas as categorías de funcionarios con igual titulación ou función han de ter asignada unha mesma retribución, porque a unidade de título ou incluso a igualdade da función, por si soas, non aseguran a identidade de circunstancias que o lexislador ou a administración poden tomar en consideración e así pódense ponderar outros criterios de organización, de xeito que a discriminación de existir, unicamente derivaría de criterios de diferenciación non obxectivos nin xerais

Nesta mesma liña argumental é necesario lembrar que o artigo 92.3 da Lei reguladora das bases de réxime local determina que: “Son funcións públicas necesarias en todas as Corporacións locais, cuxa responsabilidade administrativa está reservada a funcionarios con habilitación de carácter nacional:

a) *A de Secretaría, comprensiva da fe pública e o asesoramento legal preceptivo.*

- b) *O control e a fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria e a contabilidade, tesourería e recadación.*”

Estas funcións ou cometidos singulares e o seu particular réxime de desempeño, responsabilidade e contido recóllense no título X da Lei básica local comercial citada para os “municipios de gran poboación” e reitérase nas Disposición Adicional Segunda (funcionarios con habilitación de carácter estatal) do Estatuto Básico do Empregado Público.

Ata tal punto considéranse relevantes para o interese público as funcións reservadas a Funcionarios con Habilitación Estatal que o artigo 5 do Real Decreto 1732/1994, do 29 de xullo, de provisión de postos reservados a estes funcionarios refírese aos “servizos de asistencia” nos seguintes termos:

*“1. As funcións reservadas a habilitados de carácter nacional en entidades locais exentas, nos supostos previstos no artigo anterior ou naqueloutras en que tales funcións non poidan circunstancialmente atenderse, serán exercidas na forma establecida no artigo 26.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, polas Deputacións Provinciais, Cabidos, Consellos insulares ou entes supramunicipais, se non optase a entidade local pola fórmula prevista no artigo 31.2 do presente Real decreto.*

*As Deputacións Provinciais, Cabidos, Consellos insulares ou entes supramunicipais incluírán nas súas relacións de postos de traballo os reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional necesarios para garantir o cumprimento de tales funcións.*

*A Comunidade Autónoma efectuará a clasificación dos citados postos por proposta das entidades respectivas. A súa provisión axustarase ao establecido neste Real decreto.*

*2. De acordo co previsto no artigo 40 da Lei 7/1985, do 2 de abril, correspóndelle ás Comunidades Autónomas uniprovinciais asumir a prestación dos servizos de asistencia a que alude o artigo 26.3 da devandita lei.”*

Hai que engadir, ademais, que a diversidade é a nota máis significativa das xefaturas de servizo na deputación:

- a) Unha desenvolve funcións reservadas a funcionarios con habilitación estatal, senlleiras e específicas, outras colaboran cos seus titulares e outras desenvolven directamente cometidos propios distintos daqueles reservados.
- b) Unhas teñen tres xefaturas de sección e cinco xefaturas de negociado baixo a súa dependencia (como a Xefatura do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos) e outras non teñen ningunha sección administrativa asignada (como as xefaturas de servizo de Enxeñería e Mantemento, Servizos



Técnicos de Vías e Obras, Servizo Técnico de Infraestruturas e Conservación ou Xefe de Servizo de Asistencia Técnica a Municipios).

- c) Unhas xefaturas de servizo son de Administración Xeral e outras de Administración Especial, por desempeñar tarefas propias dunha profesión, arte ou oficio ou dunha titulación específica.
- d) Unhas están adscritas á dirección e coordinación de funcionarios con habilitación estatal, por estar directamente relacionadas con funcións reservadas a estes, e outras están directamente adscritas á Presidencia.

En todo caso debe reiterarse que na Relación de Postos de Traballo inicialmente aprobada para o exercicio 2008 non se modifica o contido, funcións, tarefas ou actividades de ningún posto de traballo xa existente, e tampouco se modifica o complemento específico asignado ás xefaturas de servizo

Tamén require unha reflexión a referencia ao principio de proporcionalidade invocado. Se se asignase aos postos de xefe de Servizo o complemento específico idéntico e igual para todos, de 36.557,12 €, sen atender a ningún factor obxectivo dos postos de traballo referidos, daríanse as seguintes circunstancias:

- a) Os xefe de servizo de Xestión Tributaria, de Inspección de Tributos ou de Recadación terían unha contía de complemento específico idéntica á do posto de Vicetesoraría que exerce unha función reservada, que incorpora a xefatura superior dos servizos de recadación por disposición normativa (artigo 92.3 LRBRL, artigo 5ª do 1174/1987, do 18 de setembro polo que se aproba o réxime xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación Nacional.
- b) Os xefes de servizo de Fiscalización e Contabilidade terían asignado un complemento específico idéntico ao de viceinterventor e interventor adxunto, que exercen as funcións reservadas oportunas de control e fiscalización interna da xestión económico financeira e orzamentaria nos termos establecidos na normativa básica indicada e particularmente no artigo 4 do Real decreto 1174/87, do 18 de setembro. Outro tanto pode dicirse das xefaturas de servizo adscritas á Oficialía Maior, posto cuxo complemento específico anual tamén é de 36.557,12 € para o exercicio 2008.
- c) As diferenzas actuais na contía asignada ao complemento específico dos xefes de servizo e as restantes postos de traballo de funcionarios de carreira, non habilitados estatais, son as seguintes para o exercicio 2008:

POSTO	CONTÍA ANUAL	DIFERENZA TOTAL COA XEFATURA DE SERVICIOS	%
Xefe de Servizo	27.216,22	0	0
Xefe de Sección, con d.e.(l)	21.915,11	5.301,11	24,19%

POSTO	CONTÍA ANUAL	DIFERENZA TOTAL COA XEFATURA DE SERVICIOS	%
Xefe de Sección, sen d.e.(X)	14.045,70	13.170,52	93,77%
Xefe de Negociado con d.e e Auxiliar Advo de Presidencia	17.507,27	9.708,95	55,46%
Xefe de Negociado sen d.e.	9.389,30	17.826,82	189,90%
Administrativo con d.e.	12.524,44	14.691,78	117,30%
Administrativo sen d.e.	6.252,40	20.963,82	335,30%
Auxiliar con d.e.	11.633,77	15.582,45	133,90%
Auxiliar sen d.e.	5.615,75	21.600,47	384,6%
Subalterno	5.160,25	22.055,97	427,4%

Como se pode observar existen diferenzas retributivas escalonadas, proporcionadas ás circunstancias expresas dos distintos postos de traballo. Tamén debe poñerse de manifesto que a colaboración desenvolvida polo persoal adscrito a cada servizo é fundamental e decisiva para o seu bo funcionamento. Se se atendese á pretensión formulada a proporción actual quedaría totalmente desvirtuada e existiría unha diferenza na contía do complemento específico asignado a xefaturas de servizo e os restantes postos de traballo a elas adscritas do seguinte teor,

POSTO	CONTÍA ANUAL	DIFERENZA TOTAL	%
Xefe de Servizo	36.557,12	0	0
Xefe de Sección, con d.e.(I)	21.915,11	14.642,10	66,81%
Xefe de Sección, sen d.e.(X)	14.045,70	22.511,42	160,27%
Xefe de Negociado con d.e e Auxiliar Advo de Presidencia	17.507,27	19.049,85	108,81%
Xefe de Negociado sen d.e.	9.389,30	27.167,82	289,35%
Administrativo con d.e.	12.524,44	24.032,68	191,89%
Administrativo sen d.e.	6.252,40	30.304,72	484,69%
Auxiliar con d.e.	11.633,77	24.923,35	214,23%
Auxiliar sen d.e.	5.615,75	30.941,37	550,97%

POSTO	CONTÍA ANUAL	DIFERENZA TOTAL	%
Subalterno	5.160,25	31.396,87	608,44%

Os xefes de servizo asinantes utilizan no seu escrito un cálculo, carente de todo fundamento legal, que consiste en dividir o importe do complemento específico asignado entre o nivel de complemento de destino. Se se continúa a referencia que se efectúa no devandito escrito obtense o seguinte resultado:

POSTO	NIVEL	COMPL. ESPECÍFICO	PROPORCIONALIDADE CO NIVEL C.D.
Xefe de Servizo	28	27.216,19	972,01
Xefe de Sección, con d.e.(I)	24	21.915,05	913,13
Xefe de Sección, sen d.e.(X)	24	14.045,70	585,24
Xefe de Negociado con d.e. e Auxiliar Advo de Presidencia	22	17.507,27	795,74
Xefe de Negociado sen d.e.	22	9.389,30	426,79
Administrativo con d.e.	19	12.524,44	659,18
Administrativo sen d.e.	19	6.252,40	329,07
Auxiliar con d.e.	16	11.633,77	727,11
Auxiliar sen d.e.	16	5.615,75	350,98
Subalterno	13	5.160,25	396,94

Os datos son máis elocuentes que os comentarios: como se pode comprobar os xefes de servizo ten o maior cociente de todos os expresados supoñendo que tal cociente teña algún sentido xurídico ou práctico. Non obstante, debe engadirse que as circunstancias de desempeño do posto de traballo de xornalista, que se invoca no escrito referido, son senlleiras e específicas e incorporan a dedicación exclusiva e a dispoñibilidade plena, incluídos días festivos, por esixencia obxectiva da súa comisión que non se establecen para ningún posto de traballo de xefe de Servizo por non concorrer as circunstancias de desempeño expresadas. Tamén hai que indicar que non existe ningún xefe de servizo como persoal eventual.

En consecuencia, pode concluírse que a actual estrutura da contía asignada ao complemento específico dos distintos postos de traballo en que se organizan os servizos provinciais é axeitada e proporcionada e os xefes de servizo ten asignado un importe adecuado á súa responsabilidade, dedicación, dificultade técnica, perigosidade ou penosidade á súa participación nas tarefas asignadas a cada Unidade Administrativa.

**Cuarto.-** A efectos meramente ilustrativos pode efectuarse unha comparación entre o importe do complemento específico anual dun xefe de Servizo da Deputación e outros da Xunta de Galicia en 2008,

Admón	Posto	Soldo	Complem. Especif. 2008	Complem. Destino	Paga extra e outras básicas	Retribucións íntegras 2008 (excluíd. trienios)
Xunta de Galicia	Secretario Xeral	58.027,70	-	-	2.482,13	60.509,83
	Director Xeral	58.027,70	-	-	2.351,24	60.378,94
	Subdirector Xeral	13.621,32	19.387,16	11.960,76	4.734,88	49.704,12
	Xefe de Servizo	13.621,32	18.439,32	10.277,40	4.157,64	46.495,68
Deputación da Coruña	Xefe de Servizo	13.621,32	24.494,64	10.277,40	6.704,72	55.098,08

*\* Cálculos estimados segundo información recollida no Anexo de Persoal ao Proxecto de Orzamento Xeral da Xunta de Galicia para o exercicio 2008.*

**Quinto.-** A repercusión económica da contía reclamada supoñería un gasto adicional total de 173.577,63 euros e representaría un incremento do complemento específico individual asignado aos xefes de servizo equivalente ao 34,32 por 100 para cada un dos postos afectados. Neste sentido debe lembrarse o previsto nos apartados dous e dez do artigo 22 da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o exercicio 2008. O segundo dos apartados citados establece que "Este artigo ten carácter básico e dítase ao abeiro dos artigos 149.1.13<sup>a</sup> e 156.1 da Constitución e engade que "As leis de Orzamentos das Comunidades Autónomas e os Orzamentos das Corporacións locais correspondentes ao exercicio 2008 recollerán os criterios sinalados no presente artigo". O segundo dos apartados indicados determina taxativamente que "Con efectos do 1 de xaneiro de 2008, as retribucións do persoal ao servizo do sector público, incluídas, se é o caso, as diferidas, e as que, en concepto de pagas extraordinarias correspondesen en aplicación do artigo 21.Tres da Lei 42/2006, do 29 de decembro, de presupostos xerais do Estado para 2007, non poderán experimentar un incremento global superior ao 2 por 100 con respecto ás do ano 2007, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á súa antigüidade."

Coherentemente co criterio expresado, o artigo 24.un) da citada Lei de presupostos xerais do Estado establece que "Con efectos do 1 de xaneiro de 2008, as contías dos compoñentes das retribucións do persoal do sector público estatal sometido a réxime administrativo e estatutario serán as derivadas da aplicación das seguintes normas:

*A) As retribucións básicas do devandito persoal, así como as complementarias de carácter fixo e periódico asignadas aos postos de traballo que desempeñe, experimentarán un crecemento do 2 por 100 respecto das establecidas para o exercicio 2007, sen prexuízo do establecido nos apartados 3 do artigo 22 da presente lei e, se é o caso, da adecuación das retribucións complementarias cando sexa necesaria para asegurar que as asignadas a cada posto de traballo garden a relación procedente co contido de especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, perigosidade ou penosidade deste.*

*B) O conxunto das restantes retribucións complementarias terá, así mesmo, un crecemento do 2% respecto das establecidas para o exercicio 2007, sen prexuízo das modificacións que se deriven da variación do número de efectivos asignados a cada programa, do grao de consecución dos obxectivos fixados para este, e do resultado individual da súa aplicación”.*

Ao respecto debe sinalarse que no cadro de persoal e na Relación de Postos de Traballo inicialmente aprobada para o exercicio 2008 non se modifica o número de xefes de servizo, nin os cometidos, funcións e tarefas asignados a eles e mantense estritamente a mesma relación existente entre a contía do complemento específico e o contido de cada posto de traballo de Xefatura de Servizo.

Por todo o devandito, carecendo de fundamento en dereito a pretensión formulada polos Xefes de Servizo que subscriben a reclamación formulada contra o cadro de persoal e a Relación de Postos de Traballo do exercicio 2008, por ser contraria ás normas de xeral aplicación e ao interese público, por non conter ningunha valoración obxectiva dos postos de traballo cuestionados, por non terse modificado ningunha circunstancia e función, tarefa ou comisión dos xefes de servizo e por exceder dos límites expresados na Lei de presupostos xerais do Estado para o exercicio 2008, é polo que se PROPÓN:

- 1º) Desestimar a reclamación presentada contra o Cadro de Persoal e a Relación de Postos de Traballo para o exercicio 2008.
- 2º) Aprobar definitivamente o Cadro de Persoal e a Relación de Postos de Traballo para o exercicio 2008 nos mesmos termos e co mesmo contido da súa aprobación inicial.
- 3º) Remitir unha copia do Cadro de Persoal e da Relación de Postos de Traballo, unha vez aprobados, á Administración do Estado e á Xunta de Galicia e determinar que se proceda á publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo definitivo, de conformidade co establecido no art. 127 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/86, do 18 de abril.

Todo iso sen prexuízo da notificación individual aos interesados do acordo adoptado, coa especificación dos recursos administrativos ou xurisdicionais que procedan.

A Coruña, 3 de xaneiro de 2008

Salvador Fernández Moreda “

### INTERVENCIONES

Por terse acordado debatir este punto conxuntamente co anterior o debate figura co debate do punto número dous.

### VOTACIÓN

Votan a favor: 18 deputados (12 do PSOE e 6 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 12 deputados (PP)

### ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Visto o escrito con data do 04/12/2007 (Rexistro de entrada 76085, do 12/12/2007), presentado por D. VICENTE BERROCAL BERTOL, 51695484V, e outros, funcionarios todos eles desta Deputación; contra a aprobación inicial do Cadro de Persoal e da Relación de Postos de Traballo 2008, aprobados con tal carácter polo Pleno da Corporación do 30/11/2007.

Resultando que os reclamantes, fundamentan a súa reclamación, en síntese, en que son titulares todos eles de postos de xefe de Servizo, nivel 28 de complemento de destino, e que na asignación das retribucións asignadas aos seus postos polo concepto de complemento específico non se cumpren os principios de igualdade nin de proporcionalidade, por canto se lles asigna menor contía aos seus postos polo tan concepto que a outros, en concreto, ao de xefe de Servizo de Asistencia Económica a Municipios e ao de “xefe de servizo (persoal eventual)”; así como que consideran inxustificadas as diferenzas que “resultan de dividir cada complemento específico pola contía do seu nivel”. Solicitan que se lles asigne a cada un dos postos que ocupan a mesma contía que ten asignada polo complemento específico o de xefe de Servizo de Asistencia Económica a Municipios.

Considerando que a través das respectivas Mesas de Negociación do persoal funcionario e laboral se analizan anualmente as funcións e se avalían os distintos postos de traballo, chegando aos acordos correspondentes nuns casos de fixar os niveis de

complemento de destino para axustalos ás funcións que desenvolven, e noutros fixando os complementos específicos dos postos en atención á responsabilidade, penosidade ou especial dificultade técnica, de conformidade co disposto no R.D. 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios da Admón. Local (art. 4.1). Consecuencia destas avaliacións, resulta que xa desde a súa creación (ano 2001), o posto co que comparan aos que ocupan os reclamantes, xefe de Servizo de Asistencia Económica a Municipios, está configurado cuns requisitos para o seu desempeño distintos aos de aqueles, ao estar clasificado como da escala de habilitación estatal, corresponderse cunha praza no cadro de persoal, precisamente, de habilitación estatal e esixirse para o seu desempeño a condición de ser funcionario de habilitación estatal, o que en ningún caso é esixible para desempeñar os postos dos recorrentes. Trátase, en consecuencia, de postos distintos e, polo tanto, con distintas funcións e retribucións.

Considerando que, en canto ao posto que os reclamantes denominan “xefe de servizo (persoal eventual)”, resulta que non existe na Relación de Postos de Traballo tal posto. O único posto de nivel 28 de complemento de destino na unidade correspondente, estrutura e órganos de goberno, é o de “asesor”, posto configurados para desempeñar funcións de confianza e asesoramento, a desempeñar exclusivamente por persoal eventual, distinto totalmente, polo tanto, do persoal funcionario de carreira. Trátase, igualmente, de postos distintos, con distintas funcións e, polo tanto, distintas retribucións.

Considerando que a Corporación pode, previa negociación, e de conformidade co que invariablemente ven anualmente dispoñendo a Lei de orzamentos xerais do Estado, “adecuar as retribucións complementarias cando sexa necesario para asegurar que as asignadas a cada posto de traballo garden a relación procedente co contido de especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, perigosidade ou penosidade del”. No caso presente, resulta que, desde que o posto de xefe de Servizo de Asistencia Económica a Municipios se configurou para ser desempeñado por funcionario de habilitación estatal, as súas retribucións, polo concepto de complemento específico, foron sempre maiores que as dos demais postos de xefe de Servizo, tal como se comproba nas R.P.T. correspondentes (anos 2001 e seguintes), e en base, precisamente, ao contido e ás funcións que teñen encomendadas un e outros postos, o que supón de feito e de dereito a súa diferenciación retributiva.

Considerando, por último, que a xurisprudencia é unánime e constante (entre outras e por todas, STSXG nº 253/1989, do 14/04/1989, e STSXG nº 806/1996, que cita a do TS do 13/02/1996 en recurso extraordinario de revisión), en canto a que a equiparación de postos de traballo é inatendible aínda que se trate do mesmo grupo de titulación, se os postos son en efecto diferentes en función de circunstancias e titulacións diferenzas, así como nas funcións, dedicación, responsabilidade, que motivan, precisamente, a diferenciación das retribucións complementarias, complemento de destino e específico de cada posto, por esixilo así a propia natureza e esencia dos tales complementos.

Vistos os preceptos legais e a xurisprudencia citados, e demais concordantes e de aplicación.

DESESTIMAR as alegacións contra o Cadro de Persoal e a Relación de Postos de Traballo de 2008, aprobados inicialmente polo acordo plenario do 30/11/2007, formuladas por D. VICENTE BERROCAL BERTOL e outros.

En consecuencia, aprobar definitivamente o Cadro de Persoal e a Relación de Postos de Traballo para 2008, aprobados inicialmente polo acordo plenario do 30/11/2007, dando traslado da tal aprobación definitiva á Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e á Dirección Xeral de Cooperación Local do Ministerio das Administracións Públicas para os efectos oportunos.”

#### **4.-MODIFICACIÓN PLAN DE EMPREGO (2006-2009).**

Por unanimidad, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Modificar o título IV, promoción interna, do Plan de emprego (2006-2009), apartado b), nos termos seguintes:

Os aspirantes que na quenda de promoción interna superasen as probas pero non aprobasen por falta de prazas quedarán exentos de realizar as probas selectivas que se leven a cabo coa mesma finalidade dentro do marco do Plan de emprego 2006/2009.

Incluír a seguinte disposición transitoria:

Os aspirantes que na quenda de promoción interna superasen as probas pero non aprobasen pola falta de prazas, poderán ser nomeados no momento no que existan prazas vacantes, sen necesidade de que se convoque novamente outro proceso selectivo.”

Sen máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e vinte e cinco minutos, redactándose a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.